

POEMAS

de

Jesús Pérez Piñeiro

COLLAGE

"El color y la líxea, el perfume de
trementina, el pincel manchado, la tela en
branco en expectación constante Mi gozo
completo"

José Solla

Un cartón, un papel de periódico
ou un billete de avión...
son para ti.
Anacos de Universo en fermentación
Álxebras de luz e color.
que no teu crisol combinas.
metamorfoses, fugas, fulgor.
Corpos fundidos ingravidos
consúmense en fogueiras de amor
mentres a lúa pasa
entre grises de algodón.
Os paxaros avivan coas súas ás
as brasas do solpor.
O desexo se consume
na gran esfera de lume.
Carne, alma, contradición
atrapados e sós
somos carne en combustión
E ti artista xenial
de tan variado argumento
ordenas o esperpento
fas collage universal
desta colosal Forza
Pois xa algún místico profundo
versou sobre o teatro do Mundo.

A métrica sempre fiel
arde xa no teu pincel
Executas, combinas e permutas
sementando o Caos
de sensuais Froitas e
sabores de mel
Artista irónico
místico e menciñeiro
esculpes tamén a dor
en desgarrados cruceiros
carne, alma, repulsión
engaiolados e sós
nesta illa de paixón.
Esperpentos sombras e amalgamas
Aquellarres por doquier
Atrapado na materia
pregúntaste no teu adentro
que hai detrás do argumento
e segues sen comprender
Carne, alma, confusión
Nada é todo
todo é nada
na túa illa interior.

25 - setembro do 91
Despedida de Solla

Poema "Collage" sobre marca de auga orixinal do "Maestro José Solla", foi recitado no Chouzo, ala polo ano 91 acompañado polas pertinentes viandas, e non menos aromáticos caldos en compañía, de outros compañeiros de verbo atrevido e pincel vertixinoso. Unha aberta Respiratoria Arroass do Mar de Plata. Xa sabes Solla, vinte vindo, vinte vindo, que o Mar de Agrelo xa te está, esperando.



O GRAN S.....

25 xullo 94

Metade intelectual, metade alma de fouciño
de andar paseniño, non me pises que teño chancas
dicción perfecta, profunda desconexión
furafollas, retranqueiro e tamén lambón
carallán filósofo e bandallo.
tan disperso como o orballo,
ou unha feira de lacóns
Chistoso e sutil, de alto cociente intelectual
mareouse dando voltas o redor do Área Central.
Debullador de nécoras e peixe fino
Cínife de aguillón ben afiado,
na cociña un mestre consumado
é o noso "maitre" interino.
Entre Santiago e Beluso reporta o
seu corazón
que alegre canta como Caruso
á súa ...bombón
Así é S..... o Gran S.....
Metade intelectual, metade alma de touciño.

Para Pouseu na exposición en Bueu
o día 24-7-99

Polo túnel da pupila, vaise calando a luz
unha luz sutil e láctea que no luscofusco se recrea
nunha luz que flúe polo río turbulento do silencio
silencio ... silencio ... a luz nos tende redes de silencio
Unha voz viscosa, balbúcea desgarrados versos
versos amasados con materia gris
versátil materia que late no pulso do universo
Poema en sístole, de pintura e sangue
que polas arterias me queima e me consume
Lume ... Lume ... todo e lume ... e nos ardendo na fogueira
Versos carnosos dunha ninfa, que se expanden ...
en eternas espirais húmidas.
Onde a luz é tan improbable como incerta
Versos onde o desexo é un latexo
que esperta a carne trémula
Os beizos rompen a extrema calma do silencio
encendidos nun carmín inflamable.
Miles de vagalumes escintilou na noite
Como diminutos átomos que se concorren
como a palabra na materia.
Lume ... Lume todo e lume ... e nos ardendo na fogueira
as cinzas latén quentes abrasando a sangue do poeta
versos de saliva que se aviva no silencio
un silencio de auga ... luz de sal.
que dende o mar se recrea
Luz de sal ... espuma que se eleva
no eterno son de marea.

24 xullo 99

ÉXTASE NA ILLA

Engulido polo gran Útero Cósmico
sentirás no líquido leiteo
a sensación de ser un espírito anfibio.
Polas verdes estalactitas, escorregarás
ata o Burato do Inferno:
Alí os Peixes-Vagalumes,
percorrerán o teu sangue salino
entre rumores de vertixe.
O teu corazón latexará pleno,
coma unha Hidra inxectada de crepúsculo
e o tempo fluirá en escumas espirais
no Mar eterno.
mentres, ti segues encadeado a túa illa
polo embigo do Universo.

Para unha exposición do bueuense
Isidro Cortizo del Río

25 de xullo día do "OPOSITOR"

"a un Paladar carcomido polo microbio da ignorancia
asasino de Tinta Femia; con gasosa"

Entre orgasmos de Pharmatón
pululan as arañas intelectuais,
na cacheira do opositor.

Polígonos de neuronas
calambrean axitadas espasmódicamente.

Doping no pupitre.

Exponcho exponllo por señas
ten máis mérito.

Barrenas co baremo furafollas,
mentres a trempera espera.

A túa verborrea conceptual,
é unha moca TseTsé
no miolo do tribunal.

Encerrona a tope de adrenalina súbita.

Interino internado de paranoia,
mentres a súa memoria,
fai un trávelling con reviravoltas,
até chegar a un oasis de Valeriana mentolado
cun laude.

iiiAPROBADO IUJU IUJU!!!

Que gañas teño de papear lagosta

No me desconest... 6 . _\$\$\$zzzzz \$\$\$\$\$\$....- -

-

Ter... busca o mando a distancia

Que a valeriana fai moitas interferencias.

DIOGENES vai preparando o TONEL

e que sexa de TITA FEMIA,

SEN JASIOSA.

Tiveches sorte que non houbo control antidoping.

O CONCEPTO

Para... (un amigo) no seu 40 cumpleaños

25-7-99

Ía S..... S..... meditando por Agrelo -

O andar recto, pisada firme, e músculo convexo

Era un tarzán ilustrado da escola de MILETO

Naquel tanga resumido, escondíase a hipotenusa

e en momentos de tensión asomaba algún cateto

Cal Neptuno con tridente e sólidos argumentos

fogo, lume, aire e terra son os seus elementos

os moluscos bivalvos, devoraba con paixón

lumbrigantes e centolas no seu punto o longueirón.

En dunas e nádegas mariñas é doutor consumado

pois define ben as formas e os perímetros dourados

Éche o S.....jiño un home de vasta cultura,

colosal Meriste de recia en verga-dura

Discípulo de Manquiña, é da escola dos sofistas

en hondonadas de Ostias todo un especialista

É o rei do concepto, de esmerada dicción

e verbo discreto. Atención...!

De pequeno érache listo como un allo

Pois dicían os doutores:

"Este neno fai falar os transistores"

Provocou máis dun trastorno seu perímetro cranial

pois non lle collían as gorras a aquel intelectual

non había tela suficiente para tanto coeficiente

nas pistas de baile era todo un Jhon Travolta

pois no tango e na lambada carallo! como arrimaba

e no deporte da canastra machucaba ata dicir basta

En cuestións de disco duro, un atleta do máis puro

En fin señores aquí teñen a un artista, un profesional

que fai majas na petanca e no mundo virtual.

POEMA RESPIRATORIO

Principio de sussopi:

"Todo corpo que se desliza polo mar
tende a ser un poema respiratorio"

No mar de Coruña me conquistei
No mar da Coruña me coñecín
Os meus límites acadei
Do mar todo bebín
Levantei a cabeza e vin
Unha Torre cara o ceo
E nos brazos de Morfeo
Soñei con un mar sen fin
Polas ondas do mar de Hércules
Naquel tempo me perdín.
As ondas me levaban
Do mundo a outro confín
Percorrín a Ultradistancia
Soñei con Cen-Tol@s e anemones galaxias.
Calamares Cometas e peixes con trompetas
Nadando con elegancia, entre Buzos e Poetas
As flores de Carrumeiro ulín
Pasei a Marola como se pasa a Mar toda
e de rosa me vestín.
Agora volvo co meu ombro
A nadar no eterno retorno
E non saio do meu asombro
Dese magnético Mar
Que me volve a conquistar
En un recobro sen fin.

setembro 2011

O Mergullo de Lugrís

Xa tivera algunhas conversacións con Daniel Fahrenheit, alí en Pescadoira, falabamos do "calor específico" do mar, das Sirenas e dos Arroases, da eficiencia dos cormoráns para aproveitar a enerxía solar co fin de secar as súas as. As veces tamén acudía aos faladoiros o amigo Andrés "Celsius", que sempre se celaba porque no fondo, Daniel Fahrenheit resultaba mais atractivo para as Sirenas e Arroasess que acudían a Pescadoira, pois con el esquecíanse do frío e bailábanlle mellor a auga a Poseidón. En fin Daniel dáballe calor a auga e Celsius era mais conservador, sempre aforrando calorías. A Lord Kelvin (Míster K) non o deixabamos nin asomarse pois o seu redor facía un frío de carallo, era un persoeiro que che conxelaba a conversación cada dous por tres, facéndose o sueco. Era o señor do "Cero Absoluto" de argumentos inverosímiles. Iso si a pesares de ser un tipo moi frío sempre fumaba en pipa.

Pescadoira que fora arrasada por unha banda de "piratas con pata de cemento", aínda hoxe resiste . Cada ano os Arroasesss e Sirenasss "Aughaneiras Cen-tolos" ala polo mes de xullo acoden a bicarse naquelas augas milagreiras e sempre mornas para pedir a súa rexeneración. Menuda festa que se montan.

A Lugrís chamábanlle de alcume o "Submarino" viña tódolos os seises de xaneiro dende Cíes a Pescadoira camiñando polo fondo da Ría entre selvas de algas, buguinas, peixes, pecios e medusas, enchía os bolsillos de cunchas de vieira. Facía escala en Ons para tomar unha tapa de Polbo o natural, co seu eterno amigo Castroviejo especialista en degustación de moluscos e caldos de Cela

(parroquia de Bueu con excelentes vistas as Illas de Ons). O chegar a Bueu dábase un Mergullo en Pescadoira e posteriormente facía unha visita a Capela de Santos Reis, construída e decorada por el mesmo, e tódolos anos se comía unha rosca. Era un auténtico Mago no Reino somerxido de Neptuno.

Aquela tarde en Pescadoira metínme no mar, despois de iniciar algunhas cerimoniais de quecemento, como era facer "o helicóptero", que consistía en xirar os brazos nos sentidos destróxiro e levoxiro, para entrar en calor, e centri-fugar o frío. A auga estaba a 52,7 °F . Celsius non podía soportar aquela distorsión termodinámica que o levaba a un dilema, que ademais facíalle perder moito calor pola cabeza. Celsius ou Fahrenheit "that is the cuestión". Por suposto Míster K enfriáballo moito as neuronas e paralizábaselle o pensamento.


Entregueime pois o mar, co fin de depurar o meu oficio respiratorio e natatorio que, escuma aparte, deixaba moito que desexar. Para non saírme do protocolo, comezaba por prolongar a brazada ata o infinito, intentando facer un recobro elegante, elevando os cóbados hacia o ceo. No roldo escoraba mais a esquerda (en fin a memoria vai o seu). O meu brazo esquerdo estaba tan acostumado a pechar o puño que non había maneira de situar a palma cara adiante, todo aquilo dexeneraba en unha brazada asimétrica cargada de entropía. Estaba claro que era un aughaneira bipolar, que fomentaba suspicaces comentarios, na ortodoxia rampante da escola de "Rock and Crawl", mais coñecida por "Los sultanes del Swimming". En realidade eu tiña unha potente brazada pola dereita pero facía augas pola esquerda en fin un "cateto a babor". Non paraba de pensar como compensar aquela desfeita. Saín do mar un pouco desanimado,

pensando como corrixir aquel vicio hiperbólico, e cando estaba facendo os estiramentos na area, fun testigo dun fabuloso espectáculo: Unha manada de Arroasess (Golfinhos) apareceu de súpeto, deixando ver os seus maxestosos lombos, nadaban nunha harmonía de auga e silencio, solo interrompido polos saltos acrobáticos de aqueles alegres compañeiros. Así como viñeron se foron, aqueles si eran os auténticos "Sultans do Swimming". Algún día nadarei como vos (pensaba). Ata logo compañeiros o día seis vos esperamos no Mergullo de Lugrís, seguro que veñen. Para o ano repetimos.

Unha aperta respiratoria.
Susó Viti



LEMBRANDO A PEPE O RUSSO



Era un virtuoso da "corda" e amarrando o remo ó tolete era un artista o Señor Pepe.

A Arte de facer o estrobo era para 'Pepe O Russo' unha arte moi especial. Tanto que creou escola, ensinándolle ao rapaces os segredos dos nodos e a forma de trenzar

O estrobo era un elemento clave como instrumento de corda que xunto co remo estaban en harmonía entre o vento e o mar.

Aqueles remos impulsados polos brazos poderosos e os torsos dos "**gladiadores mariños**" en caída libre cara atrás, facían andar a traiñeira levantando a proa no aire "un monótono fungar de popa a proa"

Un ronsel de espuma no mar.

Aquela era a música que nos gustaba escoitar

Os remeiros gustaban de lucir como pulseira antes e despois das regatas aquel estrobo como compromiso coa Maruxía desafiando o Mar indomable.

Un día 'Pepe O Russo' meteunos a todos a bordo da traiñeira, ocupando el unha bancada de "babor". Fíxose un silencio de auga, e encomézámos a remar, solo se escoitaba unha sinfonía de "corda de vento e de mar". Un raio de emoción corría de popa a proa a bordo da Maruxía porque o 'Señor Pepe' estaba con nós. A altura da Praia de Petís, 'Pepe O Russo' despediuse paseniño deslizándose entre o vento polo costado de babor, o seu estrobo quedou flotando e el foi definitivamente a fundirse co seu Mar eterno. Nos despedímolos ata sempre, pois o seu recordo inolvidable permanecerá para sempre na memoria do Remo e do Mar de Bueu.

SINFONÍA DE CORDA DE "PEPE O RUSO"

Como estrobo ó tolete
Para o remo un forte lazo
Converteuse nun abrazo
teu amarre Señor Pepe

Pois coa túa alegría
Cabalgaba a Maruxía.
E de babor a estribor
co seu ben compasado
e monótono fungar
os estrobos e toletes
facían música no Mar

A voga sempre alegre
O patrón está a cantar
os Bardos do noso remo
nunca te esquecerán
pois tiñas corda e poesía
para facernos soñar.


Dende a costa verdecente
Ao eterno "Azul" te levamos
e alí sempre estarás
Dende Óns a Pescadoira
Polo vento e polo Mar.
Mil ronseis deixarás

Entre a area a e as ondas
sempre imos atopar
no teu eterno retorno
os teus estrobos de sal
As túas cordas de espuma
A túa amizade leal

Queremos mais estrobos Pepe
Para amarrarte a memoria
e volver todos a soñar
Xa levanta a Maruxía
A súa proa no mar.

Os Bardos do noso remo
Sempre te lembrarán
pois tiñas coraxe e porfía
e moitas ganas de vogar
dende babor a estribor
volveremos a tocar
esa sinfonía de corda
Que ti queres escoitar

JufoVITI 2017





PARA JUAN VEIGA
"UN PATRÓN DE BANDEIRA"

Nunha tarde redonda
Que nunca poderei esquecer
O peirao era unha festa
Cheo de xente a todo meter
O remate de tempada
E xa cos corpos cansos
aínda quedaba unha chispa
para dar a campada.

Houbera concentración
Con paseo controlado
Sen ningún desmadre
Sen ninguén despendolado
Pois aínda sentíamos a espiña
Espetada o ano pasado.

Quedamos no hotel "CON DON"
Con menú vexetariano
Supervisaba o Patrón
Iso si, baixo de nabo
Non esquecer a vaselina
Para o tolete rozado

Marcharmos para o catre cedo
Non houbo nin un suspiro
Durmiron co seu tolete
O seu estrobo amarrado
Hai que reprimir praceres
Nesta noite ventureira
Pois era a nosa ocasión
Para conquistar a Bandeira

Aquela tarde de Vento
O Mar crecía picado
Hai que afinar Patrón
Que as ondas veñen de costado

Cunha saída explosiva
E unha voga impecable
Cabalgando sobre as ondas
navegamos toda a tarde

Había que roubar tempo
E loitar contra o relo
Pois a nosa Bandeira
Xa nos facía clo-cló

¡Ai D. Juan D. Juan !!!!!
¡Que derroche de destreza!!!!!!
Non hai "voga" sen "Veiga"
Nin a Veiga sen legón
Nin estrobo sen tolete
Nin callo sen solución
O remo foi túa paixón
Dende os pes hasta a cabeza

D. Juan tiña moita querenza
Frade antes de cociñeiro
Pois sentou antes a voga
Na bancada era o primeiro

Do remo foi un diletante
Da pel experto en zurcidos
Gustaba de bos cocidos
Na vida un "Practicante"

" É dos Bos e Xenerosos
Que nosos males entenden
E con arroubo atenden
Calquera complicación"

Coa xiringa era un artista
"facía bailar a Venita"
E case sen darse conta
Xa lla tiña "clavadita"

Vogaba con alegría
E de babor a estribor
Puxo a andar a Maruxía
Con coraxe e pundonor

Tiña moita man esquerda
Vixiaba ben as palas
E se notaba escaqueo
Lle saltaban as alarmas

Un artista de retranca
Rías con el a cachón
De humor efervescente
E un pouco socarrón.

Saneando aquelas nádegas
Tiña remedios punteiros
Había que cocer as follas
Para quentar os traseiros
E se o picor e moi ruín
Frégate con furacín

Xa na primeira virada
De popa a proa se oía
¡Pica Piedras Pica Piedras!!!!!!
O das ondas enxeñeiro
Esculpía nas viradas
Con mestría de canteiro

Cabalga e cabalga Maruxía
Sangue suor salitre e rabia
Surcamos a nosa Ría
E hai que mantelos a raia

Dende o peirao con platillos
E gritos desgarradores
¡Voga forte Maruxía!!!!
Xa somos os gañadores

E Vai a champa final
Todos os corpos cara atrás
Avante toda chavales
Forza nos abdominais.

Semellaba unha de Hitchcock
Con suspense ata o remate
Pois era cuestión de segundos
A batalla do relo
Cando polos altosfalantes
Se anuncia un gran bombazo
Era para Bueu a Bandeira
O peirao unha lideira
Abanea o palco de honor
Con abrazo multicolor

Os críticos enmudeceron
Caláronse como as pedras
Todo eran parabéns
E ata Franco Cobas dicía
Que tarde de Maruxía

O sorriso do "Patrón"
A emoción a flor de pel
Xa se esquece o cansazo
E corre o champan polas gorxas
Xa se oe con mais forza que nunca
Aquel "bardo" poderoso que dicía

¡Ai D. Juan D. Juan !!!!!
¡Que remada que beleza!!!!!!
Non hai "voga" sen "Veiga"
Nin a Veiga sen legón
Nin estrobo sen tolete
Nin o Peltre sen Patrón
O remo túa paixón
Dende os pes hasta a cabeza

Viva Juan Veiga
Viva o Patrón
Forza Maruxía

Jufo VĩTi
En Pontevedra , febreiro 2017

BRAZO PODEROSO

Brazo poderoso, temón e guía
nadando vas libre Aughaneira portentosa
O mesmo a crawl, braza ou bolboreta
Un cento de arroases brinca pola Ría
Mentres a espuma no mar rebosa.
Con camisa de once augas sempre vestido
Neopreno cinguido en mariña pasarela
"No corta el mar sinó vuela"
O Cen-tolo co seu nadar sentido
De festeiros temos mais que os golfiños
Despois da travesía chega a macana
Que por nadar nadabamos ata na cama
Soñando con sirenas, anémonas e polbiños
A Aughaneira nadando non ten parangón
Dende o Triángulo da Costa Serea
En Rande enredando coa marea
Poñendo os puntos sobre as Cíes
e o acento en San Simón
Alí en Bueu entre Udra e Mourisca
O Mar anda feito unha faísca
E por mariña corredoiras
Chegastes a Pescadoira,
Praia sempre soñada
E por todos reconquistada.
Entre o "Boi" e a "Vaca" nadar e unha matraca.
Semella unha adiviña descubrir a Punta
Herminia
Hércules Gerión, atizan o mar de Poseidón
Unha Sirena pechada no Castelo de San. Antón
Lugrís e Julio Verne sentados na Marola

Abraiados dicían naquel peñón
Onde vai tanto centolo.
No Mar de Hércules.
Para todas as Aughaneiras Cen-Tolos, Sirenas,
E a todos aqueles que fixeron e fan posibles
estes grandes recitais respiratorios.

Susoviti.....

"Miña única Patria O Mar"



Apuntes sobre el "Quijote Aughaneira"

En un Canal de La Mancha, de cuyo nombre si me acuerdo, no ha mucho tiempo que nadaba, un Arroasss de neopreno antiguo, hombro en astillero, brazada alegre y galgo nadador...."De complexión recia, rostro altivo y nadar acompasado.Un nadador-Quijano. Gobernador de Insulas, playas, cabos y estrechos, domador de olas, en el Reino de Neptuno...y los ratos en que estaba ocioso se daba a nadar Travesías.....aficionado a los requiebros y Mares de desafío...."Decía él, que el Cid había sido muy buen caballero"que de sólo un revés había partido por medio dos fieros y descomunales gigantes"..Palabra de D. Miguel....

Para el "Tiburón" de Cayastá (44/13)

Gran nadador de Tangos y Milongas

Pa` un costao y pa` otro

El febril corazón atrapa

El ritmo azul de la marea

En el arrabal de Neptuno

Topaste el "recobro" oportuno

Y abrazaste a la "Sirena"

Hércules tras la Torre

Enrocado en el Castillo

Descifraba tu nadar sentido

Braceando en San Antón

Girando en un "rolido" interno

Bailas un tango eterno

Con "empuje" y emoción

Compinche de Travesías

Bardo cierto de Lunfardo

Y de potente "tirón"

Rápido de Cayastá, Rudy (44/13)

Master de España

Gran "Arroass" campeón

Nadando en "tangos" te creces

Y en tu pecho desbocado

Resuena el Bandoneón

Por tus ojos de Pez

Van pasando las visiones
Y en el fondo desenfocado
Las sombras de Poseidón
Te tienen hipnotizado
Interpretas en las brazadas
El ritmo de las milongas
Un maestro del "agarre"
Un Tiburón al "ataque"
El rey del jaque
A tu paso hierve la Mar entera
Y Neptuno en la gran hoguera
Quemando millas sin tregua
Como Nemo en las veinte mil leguas
Con un ronsel firmado
De tu brazo poderoso
Queda tu nado "Maestro"
En el eterno Azul registrado.
Bravo Rudy Campeón.

Jufo VITI, febreiro 2017

Aughaneiras-Cen-Tolos e a maior Rede Social de Poetas Respiratorios (Sirenas e Arroasesss) xamais coñecida, se non estas aínda rexistrado/a a que esperas. Aquí poderás atopar brazadas solidarias, brazadas Da Batalla de Rande, brazadas de Triple Corona, brazadas das Luras, brazadas gastronómicas dos "Bucaneiros", brazadas da Costa Serena, brazadas de Ardora, Brazadas de Lugrís, brazadas de Malpica, brazadas de Pescadoira, brazadas Master, innumerables brazadas, amigos/as para compartir os tesouros do Mar. Deixa que as túas estrofas respiratorias naveguen "libremente", nestes tempos "escuros féridos e duros". E como dicía un Arroássss do Norte de cuxo nome sempre me acordo (un tal Tito) "Mi Única Patria La Mar" con permiso de Pepiño (Espronceda) o Poeta universal. Boas vibracións e unha aperta respiratoria dende Pescadoira. Vémonos nos recitales respiratorios Mar Adentro. Cuidemos a liberdade que nos da o Mar.

Ah "La brazada constante, el recobro preciso, la patada perfecta en todos los segundos en todas las visiones, ojalá que Neptuno nos traiga buenas vibraciones" "Quien fuera Nemo el Capitán" ...recordando a "Silvio" Mar adentro.....nadar en clave de "Sal"

Como vexo que están aparecendo as datas para os vindeiros Recitais de Poesía Respiratoria, e por suposto Natatoria comunícovos a todos vos, Sirenas e Poetas Respiratorios libertarios do Mar que o IX recital Respiratorio e Natatorio en Bueu pola Liberación da Praia de Pescadoira terá como data mais probable o día 15 de xullo en función de Mareas, Carmiñas, tráfico de Arroases, Batallas, Sisargas, Triples Coronas, Travesías "Serenas", Travesías nocturnas e con alevosía, Trangalladas de Bucaneiros, e Luras. A temperatura da auga por suposto sempre por enriba dos 59° Fahrenheit (temperatura oficial do evento en °F), así que a darlle estopa o neopreno , afinando as estrofas e a rima respiratoria .O cupo estimado será de 200 participantes aprox. sempre que D. Xaime (Marqués de Liméns) e o seu Exército de Kaiaks no teñan inconveniente .Por suposto as brazadas deberán ser inéditas, e firmadas conseudónimo.Será estritamente obrigatorio o uso de neopreno, perante todo o recital.Este ano como primicia realizarase un test de alcoholemia a tódolos concursantes, antes de comezar o recital pois estamos a detectar en recitais anteriores a moitos poetas sen rumbo descarriados hacia o abismo de "Bohemia" (deusa temida pola súa capacidade de persuasión para levarnos as profundidades abisais).Darlle estopa o neopreno, pois como dicía o poeta "a Poesía e un arma cargada de futuro".Unha aperta respiratoria dende Pescadoira.

Brazada y Fuga del "Poeta Respiratorio"

Recitado a las puertas del Castillo de Poseidón

Vísperas de "La batalla de Rande"

En la soledad del nadador de fondo.

Un recobro un rolido una torsión

Simetrías en acción

Un ataque de pasión

Una fuga en inmersión

Un baile una cadencia

Un pasodoble de crawl

Unos codos cara al cielo

Un sextante en posición

Brazos como látigos

En la piel de Poseidón

De prodigiosas brazadas

Está el verso azul escrito

Poesía en flotación.

Allá en el fondo abisal

Entre gélidos fantasmas

En los Castillos de olas en ruinas

Por el mar de Lugrís braceas

de brea y sal soplan brisas

Entre pecios y medusas

Entre buzos y escafandras

Acuden todas las musas

Cantando su repertorio

Mientras el bardo se desliza

En un soneto inspiratorio

Y así en el eterno retorno

Es La Mar una Platea.

En las Habitaciones de agua

Sube y baja la marea

Entre Sirenas de largas enaguas

Y senos sin parangón.

Arroásss enamorado

Nadando todo pasión

Entre La Torre y Hércules

Enrocaste el corazón

En la Batalla de Rande

De Cíes a San Simón

En el Vao tú te esfumaste

Hiciste mutis por el foro

"Conde"¹ de todos querido

Arroasss en combustión

Un mensaje nos dejaste


En tu Mar apasionado:

Poesía en emersión

A todos los refugiados

En la siempre dura Travesía de la Vida.

fuso Viti Poeta Respiratorio.



¹ Famoso Guerrillero Respiratorio, uno de los primeros en conquistar la República de San Simón, partiendo de la playa de los Colosos, la Playa de Rodas

Peixes e Poetas Respiratorios

Comezamos nadando
Dende a Nada cara o Todo Corazóns
de Sal en sístole perenne Ingrávidos
no océano quente da vida Fomos
peixes latexando cara o futuro
Esquivando as ondas turbulentas,
Os ventos que no foron favorables
As galernas indomables do Nordés
O mar de fondo galopante
As pesádellas dos mundos abisais
No océano no eramos case Nada
Pero agora somos en Todo
Criaturas do Mar interpretado
Vemos no espello azul
Aqueles peixes que xa fomos
E que xamais seremos
Aletas que se tornaron mans e pes
E dende o fondo, encaramos o futuro
Entre os beizos Azuis apaixonados
En mil batallas mergullados
Nadamos en Vida polos Mares turbulentos
Intentando con afouteza conquistalos
Náufragos no eterno retorno
Atrapados na Rede de pantasma
Entre un pasado sen memoria
E o futuro máis afastado da Nada
Nadamos e nadamos contra correntes
Por Ríos Lagos Mares e Illas
Unindo incluso continentes
Atrás quedan Cíes, Ons, Sálvora San Simón

Sisargas, Torres, Castelos, Praias
Territorios salvaxes de Poseidón
Poetas respiratorios en sístole perpetua
Quixotes de Sal namorados
De Dulcineas con agallas.
Xa resoan nas Buguinas
Os versos respiratorios
Polo mar abaixo van os peixes
Son Poetas nadando cara o futuro.

fusoviti 7/3/2017





El tiempo, las artes natatorias, y la poesía
respiratoria van esculpiendo, lo que en el
espejo del mar se refleja

Que din os rumorosos
Na costa de Udra ardente.
Ó raio no brazo prende
Para volver a nadar...

Que din as altas ondas
De azul arume salgado
Co seu ben compasado,
Monótono fungar...

os tempos son chegados ,
dos bardos das vontades
escomenza a conta atrás,
para o IX Recital de Poesía Respiratoria
pola reconquista e liberación da Praia de Pescadoira.

Ide pois afinando a vosa rima expiratoria
Inspirados nos " Bardos de neopreno antigo,
ombro en estaleiro e galgo nadador"

Quixotes das Travesías ,
Sanchos de " Non todo o mar e Peixe"
vinde a percorrer as rutas de Luguís,
e dende Acoradoiro a Pescadoira,
viviredes unha Odisea respiratoria
que vos fará mais libres .

Pois a brazada é un arma cargada de futuro.
Unha aberta respiratoria, Sirenas e Arroases.





Fai algúns días , que o recentemente constituido "Cuarteto de Pescadoira" (Xaime Sargo, Charrúa, Fran Puchas, e Suso Viti) levan improvisando "jazz respiratorio".O xoves compartindo brazadas pola praia Banda do Río, hacia o Burato da Lontra, Robaleira Pequena e Robaleira Grande, Praia de Beluso, Roiba e volta a mítica Pedra Branca (ver foto).Foi un pracer compartir ritmo e rima respiratoria con estes enérxicos Arroasesss.A partir de agora daremos un repaso aos versos do litoral espallados pola "Enseada de Carcamáns".

Brazada y Fuga del "Poeta Respiratorio"

Recitado a las puertas del Castillo de Poseidón
Visperas de "La batalla de Rande"
En la soledad del nadador de fondo.

Un recobro un rolido una torsión
Simetrías en acción
Un ataque de pasión
Una fuga en inmersión
Un baile una cadencia
Un pasodoble de crawl

Unos codos cara al cielo
Un sextante en posición
Brazos como látigos
En la piel de Poseidón
De prodigiosas brazadas
Está el verso azul escrito
Poesía en flotación.

Allá en el fondo abisal
Entre gélidos fantasmas
En los Castillos de olas en ruinas
Por el mar de Lugrís braceas
De brea y sal soplan brisas

Entre pecios y medusas
Entre buzos y escafandras
Acuden todas las musas
Cantando su repertorio
Mientras el bardo se desliza
En un soneto inspiratorio

Y así en el eterno retorno
Es La Mar una Platea.
En las Habitaciones de agua
Sube y baja la marea
Entre Sirenas de largas enaguas
Y senos sin parangón.

Arroásss enamorado
Nadando todo pasión
Entre La Torre y Hércules
Enrocaste el corazón
En la Batalla de Rande
De Cíes a San Simón
En el Vao tú te esfumaste
Hiciste mutis por el foro
"Conde"¹ de todos los Mares
Arroasss en combustión
Un mensaje nos dejaste
En tu Mar apasionado:
Poesía en emersión

**A todos los refugiados
En la siempre dura Travesía de la Vida.**

**A los "Guerrilleros Respiratorios"
de Rande que resisten y tomarán
por asalto la Isla de S. Simón.**

A Carlos "Conde de todos los Mares".

Juso Viti Poeta Respiratorio.

17 de junio 2017
Travesía a nado
Islas Cíes - San Simón

27.000
METROS
DE VIDA MARINO

¹ Famoso Guerrillero Respiratorio, uno de los primeros en conquistar la República de San Simón, partiendo de la playa de los Colosos, la Playa de Rodas

Está próximo xa o VIII recital de poesía respiratoria en Malpica, que se celebra o día 6 de agosto (VIII Travesía a nado Sisargas Malpica). Quero lembrar a un dos grandes Poetas do Mar de Malpica, Paco Souto .Aquí vai o meu pequeno homenaxe a tan ilustre "Poeta Respiratorio" percebeiro e gran coñecedor do Mar.

O Soño roubado de Paco Souto

"Carne de auga eramos mar abaixo
voces de lúa
pegando aínda
no farol de proa
na gamela enchida de florestas" (e Caín poemario de Paco Souto)

En chegando agosto
Na lonxa de Malpica
Flota no aire un arrecendo
A flores de algas e de sal
Respírase o Mar
Os homes peixe deslízanse paseniño
Baixo a pel xorden as escamas
Os brazos e pes tórnanse aletas
Pois os tempos son chegados
Dos bardos das travesías.
Hai mareas vivas de poesía
Parten rumbo o Mar das Sisargas
Pola ruta de Domingo e Urbano
En busca das Baleas de Lugrís

Esperta do teu soño Paco
soño profundo e salgado
Imos percorrer contigo
Os labirintos das furnas,
Talladas a golpes de mar
Na túa memoria profunda
Onde as linguas de espuma
Lamben os corpos nus.
Onde os poetas respiratorios
alucinan en ingravidas apneas.
O pensamento enche coas mareas
flúe o Mar polos sentidos
zoa o nordés no Carreiro
e as gaivotas afinan os seus chíos
bailan Sirenas e Golfiños
entre respiratorios compases
danzan os poetas Arroases
cos brazos e os cóbados erguidos
e bícanse entre as ondas
en apaixonados roliños
e unha festa Malpica
dende " a Checa" o Caldeirón
"Gloria" o viño polas gorxas
e respira o acordeón
esperta do teu soño Paco
soño profundo e salgado
Soño que che foi roubado.
Susó Viti en agos



Na Illa do Corvo a Beira do río Diálogos con Pousseu

O "Kirico" vivía ceibe no Bosque de Acivro, amosaba sempre unha crista incendiada, desafiuzante cara ao mundo real ou quizás solo aparente?. Era un Quirico engaiolado nas redes das ninfas, das musas e do Mar. De grande sensibilidade, de esporón sempre ben armado para desfacer calquera entorto existencial. Unha vez diante do seu cabalete, o artista semellaba un "quixote de pincel antigo, lenzo en estaleiro e galgo creador", enfrontado a os "Xigantes" entre o lusco fusco. Pero el era quen de interpretar os silencios das sombras e as harmonías da luz .O seu control miudiño da realidade o facía derivar a través de mundos paralelos entre a razón e a emoción practicando unha peculiar alquimia expresiva.

Anoitecía na aldea ribeirá e dende o Peirao, subía un arrecendo a salitre e a brea, alí os barcos e as gamelas durmían abarloados, a carón do mar, deitados entre harmonías de auga .

As casas da aldea arrombadas no solpor semellaban trasmallos cheos de peixes de lume. Arriba na Lúa podíase adiviñar un mar de fondo crecente onde aniñaban os peixes voadores e os lunáticos polbos, engaiolando as sirenas entre os seus versátiles raxos de oito en oito.

Solpor de segredos entre nubes e xeometrías mutantes que se reflicten no mar, metamorfose continúa da luz,

devorada pola noite, e pola pupila aguda dalgún "Falcón" sempre vixiante na Illa do Corvo.

A Beira do Río, a Lúa semellaba unha baliza cósmica, pendurada nun ceo lácteo, anunciándonos a deriva de noso rumbo incerto, entre mareas vivas de paixón.

As ánforas eran incapaces de conter os sensuais corpos das ninfas desperguizándose. Os seus seos rotundos, orbitaban rumbo hacia unha hiperbólica galaxia, onde os desexos abrían camiños na pel, conducidos irremisiblemente por vertixinosos impulsos fonéticos... era o viño miña nai era o viño.

Os bois abrían fendas de fertilidade na terra profunda. E o carro seguía cantando, pois ó redor de seu eixo xiraba o mundo. Sementar sementarei..

O gaiteiro azul, levaba o seu fol cheo de peixes e harmonías mariñeiras . Xa nos penedos e nas furnas na Costa Verdescente resoaba como un eco aquela vella canción que dicía : "Catro vellos mariñeiros todos metidos nun bote boga boga mariñeiro, vamos para Ribeira xa se ve San Roque".

Arden as fogueiras de S. Xoán e na area quente da praia, fican os beizos do mar namorado. Os amantes descubren na súa pel a luz que se derrama seguindo o camiño dos peixes hacia unhas inguas de algas prodixiosas. A xouba molla o pan.

No val do río unha ninfa, de deliciosas froitas escancia un exquisito zume,

Eu quixera ser a súa copa para fundirme nos seus beizos
de lume

Entre xanelas os amantes, confesan os seus desexos
ocultos, rompendo o silencio de vidro , achéganse os corpos
e as mans exploran camiños de vértigo nas catedrais das
coxas. Os espellos de cristal delatan esas miradas de
esguello, e de misterio que se perden entre as sombras da
noite.

Unha ninfa dourada polo solpor, amosa a súa alma núa
insinuando desexos inconfesables, o pe dun cruceiro, os
cravos empezan a afrouxar , e os lóstregos da paixón
acenden as naturezas mortas. Resurrección na Ribeira
Sacra.

A poetisa a carón da fiestra esta intentando capturar un
poema de luz, as velas erguidas, seguen a rima do vento e o
sol semella un ollomol ardendo.

O "Kirico" durmiuse co balance dun bou e tivo unha
alucinación, estaba asexando a unha ninfa núa cuxos
cabelos se prolongaban nas ondas do mar de Pescadoira.. si
vou a Bueu nun bou vou vou, se non vou nun bou non vou..

E así entre luces e sombras, entre harmonías e silencios
Pousseu espertou daquel soño na Beira do Río, pero non
estaba solo, un Falcón solitario sobrevoaba maxestoso a
Illa do Corvo.

Susoviti 25 de outubro 2017, na Illa do Corvo.

Para J. M. Piedras o Coloso de Maruxía

No teu peito poderoso latía un acordeón
comprimindo as ondas do mar en estrofas
de babor a estribor soaban as túas notas
e na popa ou na proa vogabas con paixón

Ala no "Mar do Fin do Mundo" ti fixeches
danzar os polbos medusas e arroases
Os peixes seguían os teus compases
E o mar enteiro enchiches de harmonías

Trocaches o estrobo en violín
Nas viradas soaban melodías
Compañeiro de entroidos sen fin

Cos teus brazos poderosos erguías a Maruxía
Na proa facías bailar a traiñeira
Ente escumas de muiñeira

Tiñas sempre cheo o teu fol de poesías
Bob Dylan era o teu comodín
E nos concertos facías marabillas

Ata logo compañeiro de bancada
Poeta e músico profundo
Con túa fervente remada
Cabalgamos con Maruxía ata o "Mar do Fin do Mundo".

Suso Viti en Loureiro 28 de outubro do 2017

35 anos de historia do Club do Mar de Bueu e a traíñeira Maruxía.

Onte na cea cos compañeiros do Club do Mar de Bueu
tiven moi boas sensacións compartindo historias e
aventuras da Traíñeira Maruxía. Unha aperta amigos e
grazas a directiva por tan acertada celebración.

Maruxía 35 anos de Historia

No estrobo se funden eses lazos de amizade
Esa sinfonía de corda, Maruxía en rema-ior
Os remeiros loitan no Mar con ardor
E os dous costados vogan con lealdade
De babor a estribor con coraxe e notorio
Vógase forte e con alegre sintonía
Abano de corpos cara atrás en harmonía
Mentres a bordo hai un rumor respiratorio
Un recendo a franela acude a memoria
Polos nosos mares cabalga forte Maruxía
Xa son trinta e cinco anos de historia
Brindemos pois esta noite con alegría
O noso remo vive tempos de gloria
A consigna solo pode ser Forza Maruxía

Suso Viti 28 de outubro do 2017 en Loureiro.

ODA A MARUXÍA 2

Co seu ben compasado
E monótono fungar
Renxen os estrobos nos toletes
Ferve a espuma no mar
Xa se escoita a sinfonía de corda
Na Maruxía o vogar.

Con seis remeiros por banda
Un na proa e o Patrón
Ondas carraxe e paixón
O sentimento manda

As pernas fincan na bancada
Os lombos caen a rachar
Síntese a forza no Mar
a nosa Patria conquistada

O azul eterno por bandeira
Con orgullo e sacrificio
Remamos duro con oficio
É o vogar nosa lideira

De popa a proa corre a brisa
Os torsos puxan con ardor
E de babor a estribor
Faise a remada precisa

Xa cabalga a Maruxía
Coa súa proa a voar
As cores vermellas arden
Con afouteza e enerxía
Nas viradas ferve o ar
Laten os corazóns de sal
Todos sentindo igual

Escoitase o vento zoar
Os remos como espadas
Preparados para loitar
Fulxen os corpos, ardentía no Mar
As bandeiras conquistadas

Non hai fatiga nin dor
Que nos poida dobregar
Non hai quen poida vogar
A bordo con tanto ardor

Co seu ben compasado
E monótono fungar
Arden os estrobos nos toletes
Prende o lume o vogar
As Bandeiras no vento
E as espadas no Mar.

susoviti xuño 2022

Adicado a tódolos compoñentes do Club do Mar de Bueu, e en especial o equipo de remo da Traíñeira Maruxía. Duas bandeiras o vento e as espadas no Mar.

En lembranza de José Benito Otero Baena.

Alí arriba no monte do Outeiro
na casa do "Home de Ferro",
que ti compuxeras coas túas propias mans
tiven onte unha visión.

Dende unha xanela
que ti deixaches sempre aberta.
vin arder as velas das túas dornas
incendiadas no solpor
preto da illa de Ons
cando o sol era engulido
polo espello eterno do mar
no Buraco do Inferno.

O mar foi a túa paixón.
En compañía do teu colega Lugrís
seguiches as rutas dos arroaces,
entre peixes medusas e sereas
sen temor o naufraxio nin as quenllas
mergullado nos bosques de carromeiros
deslumbrado polo mar de ardora
e os fulgores prateados das lubinas
Na túa casa sempre acolledora
coidabas cada detalle
unha porta, un teito, unha parede,
construías un arte habitable
amable, inconfundible
e a carón da túa cheminea
pasabas as horas abraiado,
escudriñando os misterios do lume.

Na túa "Capela Sixtina"
mixturabas as cores na túa paleta
con unha portentosa alquimia amarela
que se convertía en ouro derramado sobre os ceos
Aínda perdura na miña pupila,
a imaxe deses rapaciños alegres
montados nos cabaliños de luz,
vendo pasar o tempo devagar
no teu eterno carrusel.
Nas carballeiras esculpías
os silencios as sombras
e as noites de festa
coas túas máxicas espátulas.
No teu frondoso bosque animado
escintilan xa os vagalumes
Por iso dende aquí che digo
¡Ei Carballeira Pepé!
Na túa casa habita a túa alma,
ela está chea de xaneliñas
que ti deixache espalladas
para poderte lembrar.
Grande José Benito Otero Baena
Grazas por invitarme a esta festa
Hoxe brindaremos por tí
con un grolo de Tinta femia.
¡Ei Carballeira Pepé!

Suso Viti a 9 de xullo do 2022.